

Capítulo:	
Epígrafe:	
(Para cubrir no -Diario Oficial de Galicia-)	

SUMARIO

ORDE _____ do ____ de _____ de 2017 pola que se modifica o Regulamento da indicación xeográfica protexida Pataca de Galicia e do seu Consello Regulador

TEXTO:

O actual regulamento da indicación xeográfica protexida Pataca de Galicia e do seu Consello Regulador foi aprobado mediante a Orde da Consellería do Medio Rural do 26 de xullo de 2010 (DOG nº 144 do 29 de xullo).

Dende a citada data tense producido unha importante variación no número de inscritos e no peso relativo de cada unha das subzonas de produción que configuran a citada indicación xeográfica, circunstancia que moveu ao Pleno do Consello Regulador a aprobar o pasado día 28 de novembro unha modificación puntual do citado Regulamento que afecta ao seu artigo 42.

Esta modificación límtase ao ámbito organizativo do Consello Regulador e non afecta a ningún requisito dos que figuran no prego de condicións co que esta

indicación xeográfica está inscrita no rexistro europeo de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas.

Polo tanto, unha vez analizada a documentación presentada polo Consello Regulador e tendo en conta o disposto no artigo 11 da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega e no artigo 4 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores,

DISPOÑO

Artigo único. Modificación do Anexo da Orde do 26 de xullo de 2010 polo que se aproba o Regulamento da Indicación Xeográfica Protexida Pataca de Galicia

Modifícase a alínea 1 do artigo 42 do Regulamento da indicación xeográfica protexida Pataca de Galicia e do seu Consello regulador, aprobado mediante a Orde do 26 de xullo de 2010 (DOG nº 144 do 29 de xullo), que queda redactada do seguinte xeito:

“1. O Pleno está constituído por:

a) Seis vogais en representación do sector produtor, elixidos democraticamente por e entre os titulares de parcelas de cultivo inscritas no Rexistro de Plantacións, sen que ningunha das subzonas poida ter unha representación superior ao 70%.

b) Seis vogais en representación do sector industrial, elixidos democraticamente por e entre os titulares de instalacións de almacenaxe e envasamento inscritas no Rexistro de Almacéns e Plantas Envasadoras, sen que ningunha das subzonas poida ter unha representación superior ao 70%”.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

A presente Orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, de 2017

Ángeles Vázquez Mejuto

Conselleira do Medio Rural